



ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE GARDERÍA MUNICIPAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1º

Ao abeiro do previsto nos artigos 58 e 20.4.ñ) da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 e 19 do referido texto legal, o Concello de San Cibrao das Viñas establece a taxa pola prestación do servizo de gardería municipal, que se rexerá por esta ordenanza fiscal.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2º

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización dos servizos da gardería municipal deste Concello de San Cibrao das Viñas. Os servizos poderán ser prestados directamente polo Concello ou mediante concesión e calquera outra fórmula de xestión indirecta.

OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO

Artigo 3º

A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace desde que se soliciten ou se reciban calquera dos servizos ou actividades do artigo 2º anterior.

SUXEITO PASIVO

Artigo 4º

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa, ou, se é o caso, os seus representantes legais.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 5º

As cotas para satisfacer por esta taxa obteranse da aplicación das tarifas contidas no seguinte apartado, fixándose estas en atención á capacidade económica dos suxeitos pasivos.

DEVENGO

Artigo 6º

As cotas mensuais serán de devengo instantáneo con efecto de cada día primeiro de cada un dos meses. Estas cotas obteranse da aplicación das tarifas contidas no seguinte artigo.



COTAS

Artigo 7º

1.- As tarifas serán establecidas e aprobadas polo Pleno do Concello de San Cibrao das Viñas na correspondente ordenanza fiscal, adaptadas ás establecidas pola Xunta de Galicia para este fin, e que se xuntan no anexo IV do regulamento de réxime interno que establece que para a adxudicación das tarifas das prazas da escola infantil serán de aplicación as aprobadas anualmente pola Xunta de Galicia.

2.- A cota de matriculación: cobranse pola matrícula 60 euros.

RÉXIME DE DECLARACIÓN DE INGRESO

Artigo 8º

1.- A taxa por matrícula rexerese no réxime de auto-liquidación.

2.- Cando se formule a inscrición para a utilización dos servizos da gardería, deberá presentarse o impreso de auto-liquidación da taxa debidamente cuberto, sen prexuízo de que se solicite axuda nas oficinas municipais ou na propia gardería, para cubrir a documentación.

3.- Comunicaráselle por escrito ó interesado a cantidade a aboar da cota resultante do cálculo da tarifa.

4.- As cotas mensuais ingresaranse na conta que determine o adxudicatario do servizo nos prazos sinalados por este, previamente domiciliado.

5.- O suxeito pasivo deberá domiciliar o pagamento da taxa no momento da matriculación do alumno. O Concello ordenará o cargo na conta bancaria durante os últimos vinte días do período voluntario de pagamento.

DISPOSICIÓN FINAL

La presente ordenanza entrará en vigor o un de xaneiro de dous mil dez (1-1-2010) e será de aplicación en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

San Cibrao das Viñas, 15 de outubro de 2009

A ALCALDESA;